



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de agosto de 2023 (1528/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día once de agosto de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(674).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de

Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(675).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “DIÓCESE DE TUI-VIGO” CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VITORIA 2023. Expte. 2353/150.

Visto o informe de fiscalización do 09/08/023, dáse conta do informe-proposta de data 04/08/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Distritos, o concelleiro-delegado da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 18/07/2023, a Diócese de Tui-Vigo (R3600056J), achegou escrito (doc. 230216350), que xunto coa achega posterior de data 31/07/2023 (doc. 230224077), solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para financiamento das actividades con motivo da festividade do Cristo da Vitoria.

II. Segundo a documentación presentada, será D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diócese de Tui-Vigo, con NIF ***8257*, que ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023.

III. A Diócese de Tui-Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 15/06/2023
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 02/06/2023
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 15/06/2023
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 20/03/2023

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración
2. Datos do representante legal
3. Declaración responsable do representante da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias da LXS para obter a condición de beneficiaria.



Concello de Vigo

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto
5. Póliza do seguro de responsabilidade civil
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades

IV. En data 03/08/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do proxecto de convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo (LALG)
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (RLSG)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2023

II. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas entidades para tramitación dun convenio para financiamento das actividades con motivo da festividade do Cristo da Vitoria, ao abeiro do convenio marco asinado en data 23 de novembro de 2020 para a colaboración entre o concello de Vigo e a Diocese Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal, no que se prevé a proposta de realización de actividades de índole participativo e cultural e de fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

No devandito convenio marco convense que as distintas actuacións nel previstas desenvolveranse a través de convenios específicos.

En sesión de data 01/08/2023, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco e a proposta da Diocese Tui – Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio, o financiamento das actuacións relacionadas coa festividade do Cristo da Victoria.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25.2.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras, protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais. Como impulso a ditas actuacións en data 23 de novembro de 2020 asinouse o convenio marco referido para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal así como a proposta, por parte do Concello, de realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural. Así mesmo no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

III. CONVENIO:

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) dispoñen que os convenios constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.



Concello de Vigo

Desta vontade común entre o Concello e a Diócese nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

O presente convenio instrumenta a concesión dunha subvención á Diócese para o financiamento dos actos da festividade do Cristo da Victoria polo que de conformidade co artigo 48.7 da LRXSP deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable, que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento (artigo 47.8).

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

- o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e a documentación incorporada ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónse á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

V. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en virtude do disposto na *Resolución da Alcaldía de delegación de competencias de data 20/06/2023, no seu apartado Primeiro j), para a formalización e sinatura de convenios.*

Doutra parte, asinará o convenio D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***8257*, que ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023.

VI. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O orzamento total da actividade subvencionada para o financiamento das actuacións relacionadas coa festividade do Cristo da Victoria ascende a 49.572,46 euros, segundo o detalle presentado pola citada entidade no expediente de referencia, dos que o Concello de Vigo aporta o 100 %, constando no expediente autorización da imputación do gasto asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 03/05/2023, ás seguintes aplicacións orzamentarias do programa 9120 de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación: 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo); 9120.4890002 (Subvencións razóns humanitarias); 9120.4890003 (Axudas humanitarias); 9120.4890004 (Outras subvencións).

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral xa que os gastos subvencionables obxecto da axuda que se pretende conceder, son de carácter corrente

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **1 de novembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada para a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a



Concello de Vigo

resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 49.572,46 euros (corenta e nove mil cincocentos setenta e dous euros con corenta e seis céntimos), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do programa 9120 de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación: 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo); 9120.4890002 (Subvencións razóns humanitarias); 9120.4890003 (Axudas humanitarias); 9120.4890004 (Outras subvencións).

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio entre o Concello de Vigo e a *Diócese de Tui-Vigo* (R3600056J), cuxo obxecto é o financiamento das actividades con motivo da festividade do Cristo da Vitoria, ao abeiro do convenio marco asinado en data 23 de novembro de 2020 para a colaboración entre o concello de Vigo e a Diocese Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal, no que se prevé a proposta de realización de actividades de índole participativo e cultural e de fomento do coñecemento do patrimonio cultural, e **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 49.572,46 euros (corenta e nove mil cincocentos setenta e dous euros con corenta e seis céntimos).

TERCEIRO.- É competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto

expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.
PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegacións da Alcaldía-Presidencia de data 19 de xuño de 2023 (*BOP nº 123 de data 27/06/2023*), correspondendo á súa área de Goberno, as competencias en materia de participación cidadá e distritos.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***8257>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante “Diocese”

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese Tui - Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras, protexer, difundir e fomentar o



Concello de Vigo

seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diócese de Tui-Vigo, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III-.- Que, o Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou o convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diócese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta de realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 1 de agosto de 2023 a proposta da Diócese de Tui - Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diócese de Tui-Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas coa festividade do Cristo da Victoria de Vigo.

V.- A Procesión do Santísimo Cristo da Victoria leva celebrándose en Vigo desde hai máis de douscentos anos, cando, trala liberación da ocupación francesa, o 28 de marzo de 1809, a corporación municipal decidiu organizar anualmente unha procesión transportando a imaxe do Cristo polas rúas da cidade, acompañada das autoridades e do pobo. Inicialmente a procesión celebraríase o día da Reconquista pero desde o ano 1883 pasou a desenvolverse o primeiro domingo de agosto. Desde entón milleiros de persoas veñen participando nela con gran devoción, converténdose nun símbolo indiscutible da cidade converténdose por si mesma e, con independencia da súa transcendencia relixiosa, nun polo de atracción turístico da cidade, en canto a número de asistentes.

IV.- Que no orzamento do Concello consta a partida 9120.9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo). E que consta no expediente 2353-150, a autorización da imputación do gasto, asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 03/05/2023, ás seguintes aplicacións orzamentarias do programa 9120 de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación: 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo); 9120.4890002 (Subvencións razóns humanitarias); 9120.4890003 (Axudas humanitarias); 9120.4890004 (Outras subvencións).

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diócese de Tui-Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo comprométese a:

- a) Organizar o acto do Pregón do Santísimo Cristo da Victoria que terá lugar o sábado 5 de agosto de 2023 nos xardíns do Parque de Castrelos.
- b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.
- d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.
- e) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.
- f) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...).
- d) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 22702964/254 de Unión Mutua Asistencial Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
- e) Xestionar medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.



Concello de Vigo

- f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- g) Publicitar as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- h) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- i) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento total da execución dos traballos ascende a **49.572,46 euros**.

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de **49.572,46 euros** (IVE incluído) equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo as aplicacións orzamentarias do programa 9120 de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación: 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo); 9120.4890002 (Subvencións razóns humanitarias); 9120.4890003 (Axudas humanitarias); 9120.4890004 (Outras subvencións), constando no expediente autorización da imputación do gasto asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 03/05/2023.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 1 de novembro de 2023. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diócese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.



Concello de Vigo

- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

Os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención.

Así mesmo, achegarse copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria ABANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe da subvención fíxase como unha aportación certa, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebasara o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

NOVENA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría



Concello de Vigo

obligada ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 - RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE



Concello de Vigo

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

1	19988-77	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	2.022,99 €	2.022,99 €	100,00%
2	19989-77	G36733046	FUNDACIÓN TUTELAR SÁLVORA	3.036,40 €	3.036,40 €	100,00%
3	19990-77	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	14.761,22 €	14.761,22 €	100,00%
4	19993-77	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	5.442,48 €	5.442,48 €	100,00%
5	19995-77	G32115941	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	10.163,49 €	10.163,49 €	100,00%
6	19996-77	G36685964	FUNDACIÓN MENELA	8.734,72 €	8.734,72 €	100,00%
7	19999-77	G36861078	FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	18.178,20 €	18.178,20 €	100,00%
8	20003-77	G36620037	FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA	6.009,18 €	6.009,18 €	100,00%
9	20004-77	G24452435	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	4.220,94 €	4.220,94 €	100,00%
10	20007-77	G36697324	DOWN VIGO ASOC. PARA EL SÍNDROME DE DOWN	30.000,00 €	30.000,00 €	100,00%
11	20015-77	G27877703	ASOC. CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	28.574,08 €	28.574,08 €	100,00%
12	20016-77	G27867076	THE WILD	21.601,33 €	21.601,33 €	100,00%
13	20024-77	G36626174	FUNDACIÓN CASA CARIDAD DE VIGO- COMEDOR DE LA ESPERANZA	30.000,00 €	30.000,00 €	100,00%
14	20027-77	G36688422	ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO	11.453,13 €	11.453,13 €	100,00%
15	20028-77	G82453606	FUNDACIÓN ALDABA	19.068,94 €	19.068,94 €	100,00%

	Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
16	20029-77	G36639110	ASOCIACIÓN BANDA DE MUSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	17.339,96 €	17.339,96 €	100,00%
17	20030-77	G27796341	ASOCIACION EDAM CENTER ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL RECREATIVA Y TURÍSTICA	19.455,87 €	19.455,87 €	100,00%
18	20031-77	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	13.818,84 €	13.818,84 €	100,00%
19	20037-77	G36044295	ASOC. DOA SAUDE MENTAL	16.049,90 €	16.049,90 €	100,00%
20	20038-77	G94084456	ASOC. CULTURAL GALICIA FIDDLE	22.059,47 €	22.059,47 €	100,00%
21	20043-77	G15849318	FUNDACIÓN CIP	15.777,41 €	15.777,41 €	100,00%
22	20049-77	G36837433	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	26.918,74 €	26.918,74 €	100,00%
23	20054-77	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	10.157,68 €	10.157,68 €	100,00%
24	20055-77	G27802818	ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA	4.330,48 €	4.330,48 €	100,00%
25	20065-77	G67116756	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ FUNDACIÓN CA-NÓNICA	2.770,20 €	2.770,20 €	100,00%
26	20068-77	G36873511	ALENTO-ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	6.565,97 €	6.565,97 €	100,00%
27	20075-77	G10875052	ASOCIACIÓN CULTURAL DISTRITO CASABLANCA DE VIGO	7.556,96 €	7.556,96 €	100,00%
28	20073-77	G36835403	ASOC. DE BULIMICOS Y ANOREXICOS DE PONTE-VEDRA	11.216,37 €	11.216,37 €	100,00%
29	20069-77	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	22.257,62 €	22.257,62 €	100,00%
30	20026-77	G27727593	ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	10.892,29 €	10.892,29 €	100,00%

PROGRAMA III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)

Non é obxecto de avaliación, xa que non se reciben solicitudes de entidades inscritas no epígrafe 5.1 do Rexistro Municipal de Asociacións, polo que, o seu crédito orzamentario se distribúe proporcionalmente entre as entidades beneficiarias do Programas II que non superan os límites cuantitativos das axudas, tal como se describe no Anexo II a esta acta.

PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

	Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
1	19987-77	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	9.279,45 €	9.279,45 €	100,00%
2	20000-77	G36801876	ASOC. DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD	9.067,41 €	9.067,41 €	100,00%
3	20008-77	G36847861	ASOCIACIÓN EMPRESARIAL INDUSTRIAL Y COMERCIANTE ZONA TRAVIESAS	5.734,52 €	5.734,52 €	100,00%
4	20012-77	G27807205	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	29.243,70 €	29.243,70 €	100,00%
5	20022-77	G36732295	ASOC DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	7.478,76 €	7.478,76 €	100,00%
6	20025-77	G36627719	ASETRANPO	13.742,74 €	13.742,74 €	100,00%
7	20039-77	G36712701	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE TRAVIESAS	6.051,39 €	6.051,39 €	100,00%
8	20050-77	G02948974	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	11.566,43 €	11.566,43 €	100,00%
9	20051-77	G36664217	ASOC. DE COMERCIANTES DE TEIS	26.569,15 €	26.569,15 €	100,00%
10	20053-77	G36708311	ASOCIACIÓN EMPRESARIOS MERCADO DO BÉBÉS	5.580,72 €	5.580,72 €	100,00%
11	20062-77	G36661536	ASOC. DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	8.335,24 €	8.335,24 €	100,00%



Concello de Vigo

	Nº Ex-pdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
12	20017-77	G42789131	FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	19.303,37 €	19.303,37 €	100,00%
13	20070-77	G36911543	FEDERACIÓN DE ENTIDADES Y EMPRESAS COMERCIO Y SERVICIOS PROVINCIA PONTEVEDRA	3.461,74 €	3.461,74 €	100,00%
14	20002-77	G36640845	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE ELECTRICIDAD Y TELECOMUNICACIONES DE PONTEVEDRA	5.262,24 €	5.262,24 €	100,00%

PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)

	Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
1	V36840726	20011-77	MANCOMUNIDADE DE VIGO	145.000,00 €	145.000,00 €	100,00%

PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)

	Nº Ex-pdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	% AXUDA
1	19991-77	G36753911	CLUB DEPORTIVO COIA	23.049,59 €	23.049,59 €	100,00%
2	20001-77	G36763084	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	8.132,59 €	8.132,59 €	100,00%
3	20033-77	G36649283	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	7.617,16 €	7.617,16 €	100,00%
4	20034-77	G36810075	UNIÓN BALONMÁN LAVADORES	19.753,66 €	19.753,66 €	100,00%
5	20041-77	G36657450	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	2.178,00 €	2.178,00 €	100,00%
6	20042-77	G27871375	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	20.568,22 €	20.568,22 €	100,00%
7	20064-77	G36874832	CLUB RÁPIDO PEREIRÓ	6.051,20 €	6.051,20 €	100,00%
8	20067-77	G36737724	BALAÍDOS CF	6.450,31 €	6.450,31 €	100,00%
9	20074-77	G27722305	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	12.178,06 €	12.178,06 €	100,00%
10	20096-77	G27804970	CLUB PEÑASCO	5.462,33 €	5.462,33 €	100,00%
11	20046-77	G36796258	CLUBE CICLISTA VALLADARES	23.340,00 €	23.340,00 €	100,00%
12	20072-77	G36713493	CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	3.357,40 €	3.357,40 €	100,00%

QUINTO: PUBLICAR na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o

primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(678).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA COMISIÓN DE FIESTAS NUESTRA SEÑORA DE LAS NIEVES PARA O FINANCIAMENTO DA “FESTA DA SARDIÑA 2023” NAS FESTAS DA GUÍA . Expte. 9757/335.

Visto o informe xurídico do 02/08/2023 e o informe de fiscalización de data 08/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/08/2023, asinado polo enxeñeiro industrial municipal adscrito ao Servizo de Comercio, polo concelleiro-delegado da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 14 de xuño do 2023, a “COMISIÓN DE FESTAS NUESTRA SEÑORA DE LAS NIEVES” presenta escrito de solicitude de subvención para a celebración da “FESTA DA SARDIÑA 2023” que tera lugar os días 29 e 30 de xullo de 2023; por este motivo, o día 20 de xullo do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolveu iniciar o expediente de subvención correspondente, por importe de 9.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0004 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Festa Gastronómica da Sardiña ven organizándose nos últimos anos na carballeira do monte da Guía con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sendo desenvolvido pola “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” (CIF G-36.731.404), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: “a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados con ditos fins sociais”.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” está en condicións de organizar a “Festa Gastronómica da Sardiña 2023”, conforme ao Programa e ao presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Sardiña se desenvolverá os días 29 e 30 de xullo do 2023, co reparto das sardiñas e o pan de millo, concerto dunha banda de música, entrega da sardiña de ouro, recepción ao señor Alcalde e demais autoridades e a homenaxeado, actuación dunha charanga e verbena amenizada por un grupo musical..

O Concello de Vigo e a “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” veñen asinando dende o ano 1996 convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

A “Festa da Sardiña 2023” tera lugar os días 29 e 30 de xullo do 2023 dentro da celebración das Festas da Guía.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 14.520 € (catorce mil cincocentos vinte euros), dos que o Concello de Vigo aportará 9.500 euros e que inclúe todos os gastos que se xeraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Asociación presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” para a celebración da “Festa da Sardiña 2022” rexerose pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello no relativo a Festas Especiais, segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o Decreto de Delegación de Alcaldía de data 3 de xullo de 2023.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

Esta subvención nominativa prevé un gasto de 9.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0004 do vixente programa orzamentario das Festas, a favor da “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves”, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. Pola súa banda, a entidade encargarse da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 14.520,00 euros.

A presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0004, (Convenio Festa da Sardiña), prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo por importe de 9.500,00 euros, a favor da “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves”, (CIF G-36.731.404),, para coadjuvar os gastos do desenvolvemento da “Festa da Sardiña 2023”.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención



Concello de Vigo

Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***“PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.500 € (nove mil cincocentos euros) á “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” (CIF G-36.731.404), para o cofinanciamento da “Festa da Sardiña 2023” organizado por esta entidade e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0004 que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-** A subvención rexerese en base aos seguintes PACTOS:*

1º.- OBRIGAS DA ENTIDADE

A “Asociación de la Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” comprometeuse a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa da Sardiña 2022 que tivo lugar na Carballeira da Guía os días 29 e 30 de xullo, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven desta subvención, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil que atende calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades que se achega ao expediente, a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente.

8º.- Deixar a zona da “Carballeira da Guía” que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contar cun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

2º.- OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa “Vigo en Festas 2023”.

3º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da “Festa da Sardiña 2023.”

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente subvención.

3º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.



Concello de Vigo

4º.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo desta subvención efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES68 2080 5063 3130 4002 2938 da entidade ABANCA e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

5º.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

6º.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

7º.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

8º.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a ASOCIACIÓN DE FESTAS “NOSA SEÑORA DAS NEVES”, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

9º.- A beneficiaria unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana de novembro deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

10º.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11º.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico da subvención.



Concello de Vigo

12º.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo. O persoal técnico da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que podan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

13º.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

14º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

15º.- A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

16º.- O mecanismo de seguimento da execución desta subvención establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas Especiais nas propias actividades programadas.

17º.- A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

18º.- O concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación desta subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

19º.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaría da subvención a que se refire e procedemento para a súa apreciación e imposición estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

20º.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito cultural, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

21º.- A actividade obxecto desta subvención está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.



Concello de Vigo

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

22º.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

23º.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(679).- CAMBIO DE DATA DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "BERET" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023". Expte. 9710/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/08/2023, asinado pola xefa de Área de contratación e novos proxectos e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da actuación artística de “Beret” (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 27 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), acordou aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de actuación artística de “BERET” dentro do “Programa de espectáculos de verán de Vigo en festas 2023”, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A XGL, na sesión do 28 de xullo de 2023, adxudicou a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., o citado procedemento.

Terceiro.- En data 1 de agosto de 2023, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., solicita o cambio de data do concerto do 22 ao 30 de agosto de 2023. Xustifica a solicitude en temas loxísticos derivados da axenda do artista.

Cuarto.- O 10 de agosto de 2023 ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., achega a carta de exclusividade para a celebración do concerto na data proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do cambio de data do concerto

ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., é o adxudicatario do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Beret" dentro do "Programa de espectáculos de verán de Vigo en Festas 2023". Esta actuación está prevista para o día 22 de agosto de 2023 (cláusula 3 do PCAP). No entanto, por problemas loxísticos derivados da axenda do artista, solicita un cambio de data ao 30 de agosto do mesmo ano.

Consonte ao previsto na cláusula 7.2 do PCAP *“A data do concerto poderá ser cambiada coa conformidade do adxudicatario, se se deran causas que o xustifiquen, sen que poida ter repercusión económica ningunha nen considerarse modificación do contrato. Deixarase constancia no expediente das citadas causas”*.



Concello de Vigo

Á vista do citado precepto, se se deran causas que o xustifiquen, como no presente caso, pode cambiarse a data do contrato. Se ben se aclara que non poderá ter repercusión económica, circunstancia que non acontece no presente caso. Así mesmo, consta acreditado no expediente a existencia dunha carta de exclusividade outorgada polo representante do artista ao adxudicatario para a actuación de Beret no auditorio de Castrelos o día 30 de agosto. En consecuencia, non existe obstáculo para acceder ao solicitado polo contratista.

O cambio de data non ten a consideración de modificación do contrato, polo que non é necesario o cumprimento dos requisitos esixidos para a mesma nos artigos 203 e seguintes da lei.

-II-

Competencia

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este contrato, ao regular o cambio de data, non establece a quen corresponde a competencia para acordalo. En consecuencia, hai que entender que correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Cambiar a data de celebración da actuación artística de Beret, prevista para o día 22 de agosto (cláusula 3 do PCAP), ao día 30 de agosto de 2023, polas razóns expostas no fundamento xurídico I deste informe”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(680).- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE PAGO POR EXECUCIÓN DE CONTRATO PRESENTADA EN REPRESENTACIÓN DE SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., NO ÁMBITO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DUN PATROCINIO PUBLICITARIO PARA CELEBRAR UN CONCERTO INTERNACIONAL NO ESTADIO DE BALAIÓDOS EN XUÑO DE 2023. EXPTE. 9713/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/08/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) (PCAP)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno (LTAIBG)
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, Regulamento xeral de protección de datos (RGPD)

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 24 de abril de 2023, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL), aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335), autorizou a gasto, e acordou a apertura do procedemento de licitación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 25 de abril de 2023, iniciándose o prazo de presentación de ofertas, que rematou o 10 de maio. Durante o mesmo presentou oferta unicamente SWEET NOCTURNA , S.L.N.E.

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión do 11 de maio de 2023, procedeu á apertura do Sobre A (Documentación persoal) e adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Outorgar un prazo de tres días a SWEET NOCTURNA para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido na cláusula 13.7 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar “Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista”.

Este acordo foi notificado ao licitador o mesmo día.



Concello de Vigo

Terceiro.- O 15 de maio de 2023, mediante documento nº 230139654, SWEET NOCTURNA, S.L.N.E. (en adiante SWEET NOCTURNA ou o recorrente) presenta documentación.

Cuarto.- Con data do 16 de maio de 2023 a Mesa de Contratación, á vista da documentación presentada por SWEET NOCTURNA no que fai referencia ás prácticas habituais do sector dos concertos e xiras internacionais para a acreditación do requisito ao que se referiu o acordo do 11 de maio de 2023, acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor en relación coa contestación ao requirimento de emenda presentada pola licitadora.

Quinto.- SWEET NOCTURNA, S.L. presenta nova documentación o 30 de maio de 2023 (documentos nº 230151955 e 230152899).

Sexto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 1 de xuño de 2023, acordou:

“Non admitir a SWEET NOCTURNA, S.L. neste procedemento por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, que rematou o pasado 15 de maio de 2023, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio”.

Na mesma sesión se acordou formular ao órgano de contratación a seguinte proposta:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir ao único licitador presentado por non emendar correctamente a documentación presentada para declarar o cumprimento dos requisitos previos á vista do informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio de 2023”.

A decisión de non admitir ao licitador pola Mesa foi notificada o mesmo día ao licitador, previa publicación no perfil de contratante ao abeiro do disposto na cláusula 9 do PCAP e da disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público

Sétimo.- En data 9 de xuño de 2023, tivo entrada no rexistro xeral deste Concello un escrito dirixido por SWEET NOCTURNA ao Concelleiro delegado de Festas (documento nº 230163108), no que tras manifestar a existencia dun compromiso adquirido para a celebración do concerto de GUNS N´ ROSES no Estadio Municipal Abanca Balaídos o 12 de xullo de 2023, conmínalle ao pago do importe comprometido, 1.500.000 euros máis IVE, reservándose o exercicio das accións que procedan en caso de incumprimento das citadas obrigas. Este escrito foi remitido por burofax o día 12 de xuño.

Oitavo.- SWEET NOCTURNA presenta nova documentación o 12 de xuño relativa a acreditación dos dereitos de exclusiva de GUNS N´ ROSES.

Noveno.- O 30 de xuño de 2023, D^a. Raquel Seijo Enríquez, en representación de SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., interpón recurso de alzada (documento nº 230200683) contra o acordo da Mesa de Contratación, adoptado na súa sesión do 1 de xuño de 2023, de non admisión desta mercantil no procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (expediente 9.713-335) e a proposta formulada á Xunta de Goberno Local de declaración de deserto do citado procedemento, por canto o recorrente era o único licitador que tiña presentado oferta.

Décimo.- En data 14 de xullo de 2023, D^a. Raquel Seijo Enríquez, en representación de SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., interpón recurso de reposición (documento nº 230211505) contra o acordo da XGL de 8 de xuño de 2023, de declaración de deserto do procedemento que nos ocupa.

Undécimo.- A Xunta de Goberno Local, en data 21 de xullo de 2023, acordou:

"1º.- "Acumulación dos seguintes escritos presentados por D^a. Raquel Seijo Enríquez, en representación de SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., no procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335):

a) Reclamación de cantidade (documento nº 230163108), presentada o 9 de xuño de 2023 e reiterada no recurso de alzada citado no apartado seguinte como reclamación de enriquecemento inxusto.

b) Recurso de alzada (documento nº 230200683), interposto o 30 de xuño de 2023

c) Recurso de reposición (documento nº 230211505), interposto o 14 de xullo de 2023.

2º.- Admitir o recurso de alzada citado no apartado 1.b impugnando o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 1 de xuño de 2023, polo que non se admite a SWEET NOCTURNA, S.L.N.E. no procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) e se formula ao órgano de contratación proposta de declaración do procedemento deserto por ser o recorrente o único licitador presentado.

3º.- Desestimar o citado recurso de alzada, polas razóns expostas no fundamento xurídico II deste informe.

4º.- Inadmitir o recurso de reposición citado no apartado 1.c impugnando o acordo da XGL de 8 de xuño de 2023 de declaración de deserto do citado procedemento, polas razóns expostas no fundamento xurídico III deste informe.

5º.- Desestimación da reclamación de enriquecemento inxusto citada no apartado 1.a, polas razóns expostas no fundamento xurídico IV deste informe.

6º.- A acumulación de procedementos acordada no punto 1º do presente acordo, non é susceptible de recurso consonte ó disposto no artigo 57 da LPAC.



Concello de Vigo

7º.- Contra a resolución do recursos de alzada e a inadmisión do recurso de reposición procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, que poderá interpoñerse, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP).

8º.- A desestimación da reclamación de enriquecemento inxusto é susceptible de recurso potestativo de reposición, que poderá interpoñerse ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, que poderá interpoñerse, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP)".

Duodécimo.- O 1 de agosto de 2023, D^a. Raquel Seijo Enríquez, en representación de SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., presenta escrito no que manifesta ter executado o contrato de patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos, e solicita o aboamento do mesmo. Ao mesmo axunta, como elementos de proba, un informe de impacto económico e unha memoria xustificativa do patrocinio publicitario.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da solicitude de pago dun contrato inexistente

SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., manifesta ter executado o contrato de patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaidos (expediente 9713-335). Dado que o este procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xuño de 2023, a mercantil apoia o seu dereito na existencia dun "*documento formal de compromiso suscrito con fecha 25 de outubro de 2022*". Tal documento é unha carta de interese asinada polo concelleiro delegado de Festas, de data 25 de outubro de 2022, e asinada coa sinatura electrónica persoal do citado concelleiro (trámite 202 do expediente-documento 230164235-trámite 17).

Insiste SWEET NOCTURNA, en afirmar que ten un contrato coa Administración municipal, e que a publicidade que realizou do concerto de GUNS N' ROSES e a propia celebración do mesmo, non foron senón actos de execución do mesmo, polo que en consecuencia esta Administración debe aboarlles a cantidade pactada.

Como xa se puxo de releve con ocasión da reclamación efectuada en data 9 de xuño e reiterada nos escritos de alzada e reposición, resoltos por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de xullo de 2023, que desestima a citada reclamación de enriquecemento inxusto, a carta de interese carece de contido contractual. Reprodúcese a continuación a parte do fundamento xurídico IV deste acordo que se refire a falla de carácter contractual dunha carta de interese:

“Considera o recorrente que a carta de interese é “un acto administrativo favorable para mi representada, amén de ser firme y ejecutivo a todos los efectos” e considera que “si finalmente se confirmase el improcedente acuerdo (de exclusión) y propuesta (de declaración de desierto) de la Mesa de Contratación (...), dicho acuerdo implicaría una revocación tácita (sin seguir el procedimiento legalmente establecido para ello) de dicho compromiso formal de esa Administración para con esa empresa promotora del evento efectivamente celebrado, que recordemos es firme, ejecutivo y vinculante”.
Sorprende o feito de que a recorrente presentouse ao procedemento aberto para a contratación dun patrocinio e polo tanto aceptou as regras que o rexén. E unha vez que non resultou admitido no mesmo cuestiona, tanto o procedemento elixido, como a súa corrección e transparencia, intentando sementar dúbidas sobre a actuación desta Administración. Debemos recordar que a presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional das bases que rexén o procedemento, tal e como establece o artigo 139.1 da LCSP “Las proposiciones de los interesados deberán ajustarse a los pliegos y documentación que rigen la licitación, y su presentación supone la aceptación incondicionada por el empresario del contenido de la totalidad de sus cláusulas o condiciones, sin salvedad o reserva alguna”. E así o recoñece a xurisprudencia e a doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Citaremos por todas elas a Resolución nº 304/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid:

“los Pliegos conforman la Ley del contrato y vinculan a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación y vinculan en sus propios términos, (Vid. por todas STS de 29 de septiembre de 2009 o Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, 128/2011, de 14 de febrero (JUR 2011/170863), de manera que los licitadores han de estar y pasar por los mismos en todo su contenido. En este sentido, recogiendo lo dispuesto en el artículo 145.1 del TRLCSP, la presentación de proposiciones supone, por parte del empresario, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna (...) los Pliegos constituyen la base del contrato y sus determinaciones las reglas conforme a las cuales debe ser cumplido al determinar el contenido de la relación contractual. Por lo que su contenido, no habiendo sido recurridos, vincula tanto a la Administración que los formula como a los licitadores, que al no impugnarlos, los aceptan incondicionalmente con la presentación de su oferta” (fundamento de derecho quinto) .

É preciso por de releve que o recorrente é un profesional cunha larga traxectoria, que ten celebrado numerosos contratos con esta administración, e



Concello de Vigo

supoñemos que con outras tantas. Cabe afirmar, polo tanto, que non descoñece que o órgano de contratación deste Concello é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda da LCSP). Polo tanto, non ignora que calquera outro órgano municipal carece de competencia para obrigar ao Concello por medio dun contrato, salvo delegación expresa da XGL, que unicamente as ten delegadas nos Concelleiros delegados para a “tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas”, así como tamén con relación á adxudicación dos procedementos abreviados consonte ao vixente no momento da licitación Decreto de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019, modificado o 18.08.20.

Dado que non existe dúbida de que o recorrente é un profesional cunha longa experiencia en contratar coas Administracións públicas, non existe dúbida tampouco de que non descoñece que a carta de interese coa que xustifica o seu dereito non é un contrato que poida sustentar a súa reclamación de enriquecemento inxusto.

Sorprende ademais a súa falta de coherencia. É preciso ter en conta o feito de que na actualidade están en tramitación tres expedientes de contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, por razóns de exclusiva, precisamente co recorrente, SWEET NOCTURNA, posto que foron seleccionadas as súas propostas na 1^o e 2^a convocatorias celebradas polo servizo de Festas para seleccionar os espectáculos da programación de “Vigo de verán 2023”, publicadas no perfil de contratante en datas 16 de febreiro e 24 de abril, respectivamente. Nos tres procedementos consta a mesma carta de exclusividade que no procedemento que nos ocupa. Curiosamente, nun deles, o procedemento negociado de servizos para a contratación da actuación artística de Reels B (expediente 9740-335), o recorrente, tras ser requirido por esta Administración, non presentou documentación ningunha, polo que na actualidade é improbable que se poida celebrar o mesmo, previsto para o mes de agosto. Nos outros dos, tras achegar a documentación acreditativa dos dereitos de exclusiva para as actuacións de Beret (expediente 9710-335) e Ana Mena (expediente 9694-335), documentación que no procedemento que nos ocupa considera de imposible aportación, solicita que os procedementos se desenvolvan con outra empresa alegando unha suposta imposibilidade para cumprir cos seus compromisos. É dicir, que a incongruencia do recorrente levalle a considerar, segundo lle interesa, nun caso que a carta de interese non é un contrato, e non se considera na obriga de respectala, e noutro, que é un contrato, para poder reclamarlle a esta administración o presunto incumprimento do mesmo.

Con respecto a consideración da carta de interese como contrato, no citado informe da Asesoría Xurídica de 30 de xuño, se pon de releve que “debe considerarse a existencia dun precedente recurso contencioso-administrativo, sobre a falta de virtualidade dunha “carta de interese” para pretender un pagamento que non tiña cobertura nunha previa contratación administrativa. Xúntanse a este informe preliminar, a sentenza 270/2014, do 1 de decembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, ditada no seo do Recurso Contencioso-Administrativo 93/2014, e que foi confirmada no recurso de apelación 146/2015, pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección primeira, núm. 331/2015, do 27 de maio. (...)”. Esta Sentenza (trámite 202 do expediente-documento

230164235-trámite 55) determina que “La primera cuestión a dilucidar es si el documento de 04/05/2011 que el Conselleiro de Animación Sociocultural dirige a la mercantil recurrente, en la persona de don Bibiano Morón, supone la expresión de la voluntad del Concello de una contratación en firme y, por tanto, puede ser calificado de contrato privado, como pretende, cuyo incumplimiento justifica una reclamación como la verificada en la vía civil. En el aludido documento se lee que el Servicio de Animación Sociocultural del Concello de Vigo, “...esta interesado en la contratación del artista internacional James Blunt, a través de la empresa MODERN MUSIC TV...”, aludiendo al auditorio al aire libre de Castrelos, al día 31/07/2011 dentro de la programación de las Fiestas de Verano 2011 y a un precio de contratación de 80.000 euros. El juez a quo sostiene que se trata de una mera expresión de voluntad, alejada de un verdadero contrato concertado con la Administración. Y ello no solo por su contenido sino porque la propia experiencia profesional de la recurrente le permitía comprender el nulo alcance obligacional que representaba, como acreditaría con otros documentos aportados por ella que si tendrían el valor de verdaderos contratos de actuaciones musicales. De donde vendría a deducir que apelando a dicha experiencia en otros casos de contratación artística, la propia recurrente sabía que no se trataba de un contrato privado ni de otra clase. Según resulta del expediente administrativo, el Servicio de Xestión e Promoción Cultural elaboró un informe según el cual, su Jefe manifiesta que aquel escrito se corresponde con el modelo utilizado habitualmente por el servicio de Fiestas para manifestar un interés en la contratación de un artista, teniendo un carácter previo a la contratación, siendo su utilidad que el artista considere la posibilidad de incluir la ciudad de Vigo, dentro de su gira de conciertos. Y desde luego, del tenor literal, debemos concluir, con el juez de primera instancia, que del mismo no cabe deducir la contratación en firme del artista sino una manifestación de intenciones, sin valor jurídico vinculante en el sentido postulado por aquella. El argumento de tratarse de un contrato privado, en absoluto, puede mutar aquella naturaleza jurídica, permitiendo que prospere el motivo. No admitida en materia de contratación pública la contratación verbal, la suscripción de cualquier contrato con las administraciones públicas se ve precedida por un acuerdo de incoación de un expediente de contratación, dictado por el órgano competente, con su posterior tramitación que culmine en la suscripción por ambas partes del contrato en cuestión. Dicho documento acreditaría que nos movemos, exclusivamente, en una fase previa de negociaciones que no fructificaron como lo evidencia la falta de incoación de aquel expediente”
Trasladando a doutrina que se desprende da citada sentenza ao caso que nos ocupa podemos afirmar que:

- Do dito ata agora, parece deducirse que con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, a Corporación estudou a posibilidade de celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos, e contactou de maneira informal con diversas produtoras. Como resultado destas negociacións, o concelleiro delegado de Festas formulou unha carta de interese a unha produtora para a **celebración directa polo Concello** dun concerto de GUNS N’ ROSES, único documento do que existe constancia desta suposta fase preliminar. No entanto, o Concello tras a aprobación, primeiro do programa de Vigo en Festas 2023, e posteriormente da



Concello de Vigo

estratexia de comunicación institucional aprobadas pola JGL optou por non celebrar directamente o concerto e aprobou un procedemento aberto para a contratación dun patrocinio dun concerto internacional.

- *Esta circunstancia non é descoñecida polo recorrente, posto que aprobado o expediente do procedemento aberto para o patrocinio dun concerto internacional, presentou unha oferta, co que aceptou as regras que rexen o procedemento”.*

Non existe dúbida, ao fío do exposto, que non existe contrato ningún con SWEET NOCTURNA, e en consecuencia, procede desestimar a solicitude de aboamento formulada pola suposta execución dun contrato inexistente. A actuación artística de GUNS N' ROSES foi un concerto privado realizado pola citada mercantil e esta Administración non ten vinculación ningunha co mesmo.

-II-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-III-

Proposta de acordo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

"1º.- Inadmisión da solicitude de pago do contrato de patrocinio publicitario dun concerto de GUNS N' ROSES, formulada por Dª. Raquel Seijo Enríquez, en representación de SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello en data 1 de agosto de 2023 por canto non existe tal contrato”

2º.- Este acordo é susceptible de recurso potestativo de reposición, que poderá interpoñerse ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, que poderá interpoñerse, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(681).- PLAN DE PAGOS DA TOTALIDADE DA DÉBEDA DE BOREALIS HOTELS S.L.U. E E HOTELES TURISTICOS REUNIDOS, ARRENDATARIA DO INMOBLE PARA USO DE HOTEL DO COMPLEXO AUDITORIO MAR DE VIGO. Expte. 20714/240.

Visto o informe de fiscalización de data 10/08/2023, dáse conta do informe-propostade data 07/07/2023, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra de data 13 de novembro de 2017, dispúxose o cese total da actividade de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finalizou o 31 de marzo de 2018, data na que se produxo a recepción de dita obra pública polo Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data e 9.03.2018 acordou dispoñer a continuación e no resolución, de diferentes contratos concertados por Pazo de Congresos de Vigo S.A. Entre os mencionados contratos, atópase o contrato de aluguer do inmovible para uso de Hotel, suscrito coa sociedade BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS, e cuio prazo finalizaba o 31 de marzo de 2021.

II.- En data 2 de marzo de 2021, Amancio López Seijas, en representación das mercantís, solicita se modifique o contrato de aluguer debido á situación económica consecuencia dos efectos da pandemia provocada polo COVID 2019, ante a imposibilidade de asumir o pago da renda prevista no contrato, ademais dunha prórroga do contrato por un período de 13 anos e subsidiariamente 3 anos e 6 meses.

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2021 acordou:

Primeiro.- Sendo de interese público municipal nos termos acreditados na parte expositiva deste acordo, prorrogar polo prazo de TRES ANOS o contrato de aluguer do inmovible para uso de Hotel do complexo Auditorio Mar de Vigo, sito na Avda de Beiramar de Vigo, suscrito coas sociedades BOREALIS HOTELS S.L.U. e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS no que se ten subrogado o Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 9.03.2018, e cuio prazo finalizará xa que logo o 31 de marzo de 2024.

Segundo.- Como consecuencia da situación provocada pola pandemia do COVID 2019 e as restriccións á mobilidade e á liberdade de empresa, e a conciliación do RDL 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 coa tradicional doutrina da



Concello de Vigo

cláusula “rebus sic stantibus”, co fin de reequilibrar as contraprestacións pactadas no citado contrato, reaxustar a renda a abonar polas mercantís BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS nos seguintes termos:

- A renda da primeira anualidade, 1 de abril de 2021 a 31 de marzo de 2022, será o 50% da devengada no último mes de marzo de 2020.
- Para as dúas seguintes anualidades, recuperarase a pactada o 17.02.2014 nas seguintes circunstancias, sempre e cando a alugueira recupere o volume anual de facturación referido a 2019. De non se acadar esta cifra de negocio, a renda será equivalente ao porcentaje de vendas referido a aquela anualidade 2019. A modo de exemplo, se as vendas fosen do 65% con respecto a 2019, a renda será un 65%, de ser un 80%, a renda será dun 80%.

Terceiro.- Respecto á débeda devengada, polos mesmos fundamentos citados no anterior apartado desta parte resolutiva, afeccións sobre a actividade do hotel das suspensións e restriccións impostas para frenar a pandemia COVID 2019, artigo 39.3 da Lei 9/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, bonificar nun 50% a renda devengada na anualidade 2020-2021 (abril de 2020 a marzo 2021). En canto ao restante 50% aprazar o seu pago á segunda anualidade da prórroga, prorrateándose nos últimos 24 meses de duración do contrato, xunto coa débeda polos servicios urbanos consumidos.

A arrendataria cursará, no prazo máximo de tres meses, petición con proposta para acordar o restablecemento das condicións de recoñecemento e pago da débeda devengada, nas condicións fixadas polo Servizo de Tesourería en informe de data 11.03.2021, que se tramitará coas esixencias e garantías previstas na lexislación de aplicación.

IV.- En data 6/9/2021, a entidade Borealis Hotels SL, solicita se autorice o Plan de pagos referido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/03/2021. Co fin de calcular a renda variable do contrato, requíreselle para que presente informe emitido por auditor da sociedade explotadora do hotel do Auditorio, relativa á facturación bruta anual total e xustificación documental da mesma referente ás anualidades 2018, 2019 e 2020, incluíndo proposta desglosada da renda variable a abonar.

V.- En data 12/09/2022 a arrendataria presenta o informe emitido polo auditor, relativo á facturación bruta anual total e xustificación documental da mesma referente ás anualidades 2018, 2019 e 2020, incluíndo proposta desglosada da renda variable a abonar, do que resultan os seguintes importes

2018 Facturación	22%	RENTA Abril 2018-Marzo 2019)		TOTAL
2.374.183 €	522.320 €	41.306,82 € X 8 = 330.454,56 €	498.490,72 €	23.829,28 €
		42.009,04 € X 4 = 168.036,16€		
2019 Facturación	22%	RENTA (Abril 2019 – Marzo 2020)		TOTAL
2.595.166€	570.936 €	42.009,04 € X 8 = 336.072,32 €	497.340,64 €	73.595,36 €
		40.317,08 € X 4 = 161.268,32 €		

Base : 97.424,64 € + IVA 20.459,17 € = 117.883,81 €

Xa que logo, o importe debido por renda variable é de 117.883,81 €

VI.- Ante a falta de proposta de plan de pagos da alugueira, en data 05.04.2023 notifícaselle á explotadora do hotel, aos efectos de formular alegacións, proposta de cuantificación da débeda explicativa da mesma que se xunta á presente (axustada en canto aos prazos do plan de pagos) como ANEXO, e do que resultan a seguinte débeda total:

TOTALES	IMPORTE		
ATRASOS 2018	6.683,84 €		6.683,84 €
ATRASOS 2019	20.222,04 €		20.222,04 €
ATRASOS 2020	7.554,00 €		7.554,00 €
DEUDA APLAZADA	305.389,00 €	204.137,04 € 101.251,96 €	305.389,00 €
ATRAOS 2021	5.920,80 €		5.920,00 €
ATRAOS 2022	8.529,28 €		8.529,28 €
RENTA VARIABLE	117.883,81 €		117.883,81 €
RENTAS	472.182,77 €		472.181,97 €
CONSUMOS 2018-2019-2020	260.463,15 €		
TOTAL DEUDA P.P.	732.645,92 €	BASE 578.790,28 €	IVA 153.855,64 €

A interesada non presenta alegacións. Novamente en data 19.04.2023 se lle remite correo electrónico coa mesma información, sen que se reciba resposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable



Concello de Vigo

- Preceptos de aplicación plena e básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos, preceptos de aplicación supletoria
- Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos
- Código Civil
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 29/1994, de 24 de novembro, de alugamentos urbanos
- Código civil
- Contrato de aluguer suscrito entre o 17 de marzo de 2014 entre Pazo de Congressos S.A e BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS

II.- Réxime xurídico do contrato

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de natureza privada de conformidade co previsto no artigo 26.1 LCSP e segundo apartado segundo do citado artigo rexirase, en canto a súa preparación e adjudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1.^a e 2.^a do Capítulo I do Título I do Libro Segundo desta lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, según corresponda por razón da entidade contratante, e en canto aos seus efectos, modificación i extinción polas normas de dereito privado, é dicir, lei de alugamentos urbanos (LAU).

O apartado terceiro do artigo 4 LAU determina que os alugamentos para uso distinto do de vivenda rexiranse pola vontade das partes, no seu defecto, polo disposto no título III da LAU e, supletoriamente, polo disposto no el Código Civil.

III.- Obrigatoriedade do pago

Segundo cláusula 5.4 do contrato de aluguer, a renda fixa deberá pagarse por mensualidades naturais anticipadas, dentro dos 10 primeiros días de cada mes. O retraso devengará intereses de demora a pro da alugueira. En canto á renda variable liquidarase aos 20 días de finalización de cada anualidade do contrato segundo procedemento regulado na cláusula 5.3.

Nembargantes, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2021 acordou reaxustar a renda a abonar nos termos referidos no antecedente III da presente, isto é, bonificar nun 50% a renda devengada na anualidade 2020-2021 (abril de 2020 a marzo 2021), e o restante 50% aprazar o seu pago á segunda anualidade da prórroga, prorrateándose nos últimos 24 meses de duración do contrato, xunto coa débeda polos servizos urbanos consumidos.

Por determinación do artigo 18 LAU, a actualización da renda se ven operando segundo acordado polas partes, cláusula 5.2.2. do contrato de aluguer.

Os gastos dos servizos correspóndenlle segundo artigo 20 LAU e cláusula sexta ao arrendatario, augas, gas, calefacción-refirxeración.

O artigos 27 LAU e cláusula décimotercera do contrato recollen como causa de resolución de pleno dereito do contrato, de acordo co disposto no artigo 1.124 del Código Civil, a falta de pago da renda ou de calqueira das cantidades cuio pago corresponda ao alugatario.

IV.- Plan de pagos.-

O artigo 44 do Real Decreto habilita ao Concello para aplazar ou fraccionar o pago das débedas nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, acordo que se ten producido o 31 de marzo de 2021, pero sen que a interesada achegase o Plan de pagos-.

De conformidade co exposto, previos informes preceptivos, formúlase ao órgano de contratación, Xunta de Goberno local, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Proceder á formulación dun Plan de pagos da totalidade da débeda de BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS, a aboar en 8 mensualidades, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data do 31 de marzo de 2021, nos termos recollidos no Anexo I da presente, e polo que resulta acreditada unha debeda de 732.645,92 € IVE incluído, desglosada do seguinte xeito



Concello de Vigo

TOTALES	IMPORTE		
ATRASOS 2018	6.683,84 €		6.683,84 C
ATRASOS 2019	20.222,04 €		20.222,04 C
ATRASOS 2020	7.554,00 €		7.554,00 C
DEUDA APLAZADA	305.389,00 €	204.137,04 C	305.389,00 €
		101.251,96 C	
ATRASOS 2021	5.920,80 €		5.920,00 C
ATRASOS 2022	8.529,28 €		8.529,28 C
RENTA VARIABLE	117.883,81 €		117.883,81 C
RENTAS	472.182,77 C		472.181,97 C
CONSUMOS 2018-2019-2020	260.463,15 C		
TOTAL DEUDA P.P.	732.645,92 C	BASE 578.790,28 €	IVA 153.855,64 €

Segundo.- Requerir á alugueira BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS para abonar a través do plan de pagos, a renda devengada bonificada nun 50% correspondente á anualidade 2020-2021 (abril de 2020 a marzo 2021) por importe de 305.389,00 €

Terceiro.- Requerir á arrendataria para abonar a través do plan de pagos, a débeda polos gastos de comunidade pendentes, correspondentes a 2018-2019 e 2020, non suxeita a redución, cuio importe é de 260.463,15 €

Cuarto.- Requerir á arrendataria para abonar a través do plan de pagos, a débeda acumulada pola actualización do prezo da renda fixa: 6683,84 €, correspondente á anualidade 2018; 20.222,04 € correspondente á anualidade 2019 e 7.554,00 € correspondente á anualidade 2020 .

Quinto.- Requerir á arrendataria para abonar a través do plan de pagos, o importe debido por renda variable impagada de 117.883,81 €€.

Sexto.- Apercibir a BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS que o incumprimento do pago da renda devengada segundo plan de pagos e demais condicións esenciais do contrato, dará lugar á resolución do mesmo nos termos previstos na lexislación de arrendamentos urbanos, ademias do interese de demora equivalente ao interese legal do diñeiro incrementado en tres puntos porcentuais, ata a data de efectivo pago das cantidades debidas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PLAN DE PAGOS

Área de Xestión patrimonial e Territorial	CONCELLERÍA DE PATRIMONIO	CONCELLO DE VIGO	
---	---------------------------	------------------	---

CUADRO PARA PLAN DE PAGO - HOTEL AUDITORIO

2018		(NOV.16-NOV.17 1,7 %)		RENTA ACTUALIZADA	
CONCEPTO	PAGADO	base	iva	Importe + iva	
		41.306,82 €	8.674,43 €	49.981,25 €	
ABRIL 2018	49.145,77 €			49.981,25 €	1 835,48 €
MAIO 2018	49.145,77 €			49.981,25 €	2 835,48 €
XUÑO 2018	49.145,77 €			49.981,25 €	3 835,48 €
XULLO 2018	49.145,77 €			49.981,25 €	4 835,48 €
AGOSTO 2018	49.145,77 €			49.981,25 €	5 835,48 €
SEPTIEMBRE 2018	49.145,77 €			49.981,25 €	6 835,48 €
OCUTUBRE 2018	49.145,77 €			49.981,25 €	7 835,48 €
NOVIEMBRE 2018	49.145,77 €			49.981,25 €	8 835,48 €
					6.683,84 €

2019		(NOV.17-NOV 18) 1,7%		RENTA ACTUALIZADA	
CONCEPTO	PAGADO	base	iva	Importe + iva	
		42.009,04 €	8.821,90 €	50.830,94 €	
DICIEMBRE 2018	49.145,77 €			50.830,94 €	1 1.685,17 €
ENERO 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	2 1.685,17 €
FEBRERO 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	3 1.685,17 €
MARZO 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	4 1.685,17 €
ABRIL 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	5 1.685,17 €
MAYO 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	6 1.685,17 €
JUNIO 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	7 1.685,17 €
JULIO 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	8 1.685,17 €
AGOSTO 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	9 1.685,17 €
SEPTIEMBRE 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	10 1.685,17 €
OCTUBRE 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	11 1.685,17 €
NOVIEMBRE 2019	49.145,77 €			50.830,94 €	12 1.685,17 €

PLAN DE PAGOS

20.222,04 €					
2020					
CONCEPTO	PAGADO	(NOV. 18-NOV.19) 0,4%		RENTA ACTUALIZADA	
		base	iva	Importe + iva	
		40.317,08 €	10.717,19 €	51.034,27 €	
DICIEMBRE 2019	49.145,77 €			51.034,27 €	1 1.888,50 €
ENERO-FEBR-MARZO 2020	147.437,31 €			153.102,81 €	3 5.665,50 €
7.554,00 €					
51.034,17 € PERIODO BONIFICACIÓN + APLAZADA (Abril 2020-Marzo 2021)					
		base	iva	Importe + iva	
		21.088,54 €	4.428,59 €	25.517,13 €	
		25.517,13 €			
DEUDA APLAZADA					
ABRIL 2020	BONIFICADO			25.517,13 €	5 25.517,13 €
MAIO 2020	BONIFICADO			25.517,13 €	6 25.517,13 €
JUNIO 2020	BONIFICADO			25.517,13 €	7 25.517,13 €
JULIO 2020	BONIFICADO			25.517,13 €	8 25.517,13 €
AGOSTO 2020	BONIFICADO			25.517,13 €	9 25.517,13 €
SEPTIEMBRE 2020	BONIFICADO			25.517,13 €	10 25.517,13 €
OCTUBRE 2020	BONIFICADO			25.517,13 €	11 25.517,13 €
NOVIEMBRE 2020	BONIFICADO			25.517,13 €	12 25.517,13 €
204.137,04 €					
2021 50.625,99 € PERIODO BONIFICACIÓN + APLAZADA - RENTA ACTUALIZADA					
CONCEPTO	PAGADO	(NOV. 19-NOV. 20) - 0,8 %		RENTA ACTUALIZADA	
		base	iva	importe +iva	
		1.997,27 €	5.315,72 €	25.312,99 €	
DEUDA APLAZADA					
DICIEMBRE 2020	BONIFICADO			25.312,99 €	1 25.312,99 €
ENERO 2021	BONIFICADO			25.312,99 €	2 25.312,99 €
FEBRERO 2021	BONIFICADO			25.312,99 €	3 25.312,99 €
MARZO 2021	BONIFICADO			25.312,99 €	4 25.312,99 €
101.251,96 €					

PLAN DE PAGOS

		50.625,99 €		PERIODO RENTA 50 % (50.625,99 €) Abril 2021 - Marzo 2022)	
CONCEPTO	PAGADO	BASE	IVA	IMPORTE + IVA	
		19.997,27 €	5.315,72 €	25.312,99 €	
ABRIL 2021	24.572,89 €			25.312,99 €	5 740,10 €
MAYO 2021	24.572,89 €			25.312,99 €	6 740,10 €
JUNIO 2021	24.572,89 €			25.312,99 €	7 740,10 €
JULIO 2021	24.572,89 €			25.312,99 €	8 740,10 €
AGOSTO2021	24.572,89 €			25.312,99 €	9 740,10 €
SEPTIEMBRE 2021	24.572,89 €			25.312,99 €	10 740,10 €
OCTUBRE 2021	24.572,89 €			25.312,99 €	11 740,10 €
NOVIEMBRE 2021	24.572,89 €			25.312,99 €	12 740,10 €
					5.920,80 €
2022		53.410,42 €		PERIODO RENTA 50% (53.410,42 €) - RENTA ACTUALIZADA	
CONCEPTO	PAGADO	(NOV.20-NOV.21) 5,50 % BASE	IVA	RENTA ACTUALIZADA IMPORTE + IVA	
		22.070,42 €	4.634,79 €	26.705,21 €	
DICIEMBRE 2021	24.572,89 €			26.705,21 €	2.132,32 €
ENERO 2022	24.572,89 €			26.705,21 €	2.132,32 €
FEBRERO 2022	24.572,89 €			26.705,21 €	2.132,32 €
MARZO2022	24.572,89 €			26.705,21 €	2.132,32 €
					8.529,28 €
RENTA VARIABLE SIN IVA					
2018 Facturación	22%	RENTA Abril 2018-Marzo 2019)		TOTAL	
2.374.183 €	522.320 €	41.306,82 € X 8 = 330.454,56 €	498.490,72 €	23.829,28 €	
2019 Facturación	22%	RENTA (Abril 2019 – Marzo 2020)		TOTAL	
2.595.166€	570.936 €	42.009,04 € X 4 = 168.036,16€			
		42.009,04 € X 8 = 336.072,32 €	497.340,64 €	73.595,36 €	
		40.317,08 € X 4 = 161.268,32 €			
		BASE	IVA	IMPORTE + IVA	
		97.424,64 €	20.459,17 €	117.883,81 €	
					117.883,81 €

PLAN DE PAGOS

TOTALES	IMPORTE		
ATRASOS 2018	6.683,84 €		6.683,84 €
ATRASOS 2019	20.222,04 €		20.222,04 €
ATRASOS 2020	7.554,00 €		7.554,00 €
DEUDA APLAZADA	305.389,00 €	204.137,04 € 101.251,96 €	305.389,00 €
ATRAOS 2021	5.920,80 €		5.920,00 €
ATRAOS 2022	8.529,28 €		8.529,28 €
RENTA VARIABLE	117.883,81 €		117.883,81 €
RENTAS	472.182,77 €		472.181,97 €
CONSUMOS 2018-2019-2020	260.463,15 €		
TOTAL DEUDA P.P.	732.645,92 €	BASE 578.790,28 €	IVA 153.855,64 €

DETALLE DEL FRACCIONAMIENTO CONCEDIDO

VTO. Nº	Vencimiento	Principal IVA INCLUIDO	RECARGO	Interés	Costas Total
1 de 8	05/09/23	91.580,67 €	0	6.091,03 €	97.671,70 €
1 de 8	05/10/23	91.580,67 €	0	6.248,81 €	97.829,48 €
1 de 8	05/11/23	91.580,67 €	0	6.407,84 €	97.988,51 €
1 de 8	05/12/23	91.580,67 €	0	6.625,80 €	98.206,47 €
1 de 8	05/01/24	91.580,67 €	0	6.878,48 €	98.459,15 €
1 de 8	05/02/24	91.580,67 €	0	3.745,33 €	95.326,00 €
1 de 8	05/03/24	91.580,67 €	0	3.089,09 €	94.669,76 €
1 de 8	05/04/24	91.580,67 €	0	3.341,19 €	94.921,84 €
TOTALES		732.645,34 €		42.427,57 €	775.072,91 €

Área Xestión patrimonial e Territorial

16 DE JUNIO DE 2023

A administrativa

Maria Bilbao E.

9(682).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA A MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. Expte. 1641/441.

Visto o informe xurídico do 07/08/2023 e o informe de fiscalización do 10/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/07/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- Con data 28.05.2022 declarouse un incendio nas instalacións da piscina municipal de Teis, localizada na Rúa das Coutadas N°54A de Teis - Vigo, resultando danadas as instalacións da devandita infraestrutura deportiva municipal.

Con data 13.06.2022 a arquitecta técnica municipal emite informe sobre os danos por incendio na piscina cuberta de Teis - Vigo, concluindo que para a posta en marcha de novo da Piscina Municipal de Teis son necesarios traballos de reconstrución a acometer na totalidade das instalacións afectadas, así como de reparación e reconstrución de acabados e revestimentos ignífugos danados polo calor desprendido no incendio.

En data 14.06.2022, por parte do servizo de Deportes, remítese dilixencia dirixida á Area de Fomento, solicitando a contratación dun estudio técnico e redacción de proxecto de renovación das instalacións danadas do edificio, así coma a actualización das mesmas ao Código técnico de Edificación, para a licitación dos traballos de recuperación do edificio e a súa actividade.

En data 18.10.2022, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para “Estudio técnico e redacción de proxecto de renovación das instalacións da piscina municipal de Teis” a favor da empresa á empresa Nortap Ingenieros S.L.

Pola Empresa Nortap Ingenieros S.L. presentase Estudio técnico de renovación das instalacións da piscina municipal de Teis en Vigo (Pontevedra) asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial José Luis Camiña Martínez, de data febreiro de 2023, no que se detallan as necesidades e deficiencias na mesma así como as actuacións necesarias para a súa mellora e posta en servizo.

Tendo en conta as necesidades descritas e ao abeiro do establecido no artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP), que establece como actuacións preparatorias dos contratos de obras a previa elaboración do correspondente proxecto, polo cal é necesario a redacción dun proxecto construtivo e a súa posterior aprobación en XGL, que sirva de base técnica para a licitación posterior da obra en cuestión.



Concello de Vigo

2º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en datas 17 e 20 de marzo de 2023, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e polo Técnico de Administración Xeral, ao abeiro do cal en data 20.03.2023, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e polo Técnico de Administración Xeral en datas 17 e 20 de marzo de 2023, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 20.03.2023.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe do servizo de Deportes en data 31.05.2023.
- d) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 01.06.2023.
- e) Certificado de crédito asinado pola Dirección superior Contable e Orzamentación en data 17.04.2023.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 05.06.2023.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do servizo de Contratación do Servizo de Contratación en datas 05 e 06 de xuño de 2023.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en datas 05 e 06 de xuño de 2023.
- i) Dilixencia da Asesoría Xurídica de data 03.07.2023 solicitando aclaración sobre certos extremos do expediente administrativo.
- j) Novo Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe do servizo de Deportes en data 21.07.2023.
- k) Nova Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 21.07.2023.
- l) Informe do servizo de data 21.07.2023 en resposta á dilixencia de Asesoría Xurídica.
- m) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 24.07.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA A MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe do servizo de Deportes en data 21.07.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 24.07.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de OITENTA E CATRO MIL CENTO DEZAOITO EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS (84.118,50 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 14.599,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6320015 (INVEST. PISCINA TEIS), segundo a seguinte distribución de anualidades:



Concello de Vigo

2023	84.118,50
------	-----------

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez